PROTOCOLO COVID-19
E.D.M. SALCEDA

O obxecto deste protocolo é a reincorporación á práctica deportiva das E.D.M Salceda nas instalacións deportivas municipais adoptando as medidas de prevención, e hixiénico-sanitarias necesarias para facer fronte á pandemia provocada pola COVID19 conforme ao disposto polas autoridades sanitarias e deportivas.

Estas medidas será de obrigado cumprimento por técnicos, deportistas, familiares, visitantes externos, directivos, provedores, etc. vinculados as E.D.M. Salceda

O ámbito de aplicación do presente protocolo refírese o Pavillón Municipal dos Deportes de Salceda e será extensible a aquelas instalacións deportivas que sexan utilizadas polas E.D.M Salceda para o desenvolvemento das súas actividades deportivas (Pavillon do I.E.S. Pedras Rubias ou pistas Polideportivas Altamira)

A actividade a desenvolver, nunha primeira fase e mentres a normativa reguladora do sector non varíe, será sen contacto físico. Característica que se considera básica e fundamental para a interpretación e aplicación do protocolo, e a determinación da actividade deportiva a desenvolver nas instalacións.

MEDIDAS A ADOPTAR POLO PERSOAL TÉCNICO, DE OFICINA E DEPORTISTAS

Obrigatorio facerse unha autoevaluación previa a acudir o adestramento, consistente en descartar a presenza de síntomas asociados á COVID-19 tales como febre (máis de 37,5º), tose ou dificultade para respirar. No caso de ter algún destes síntomas, non se deberá acudir á actividade en ningún caso.

Prohibición de asistir á actividade no caso de estar diagnosticado como positivo de COVID-19 ata que dispoña da alta epidemiolóxica, no caso de estar pendente de resultados de probas diagnósticas do sistema sanitario ou de ser coñecedor de ter estado en contacto estreito nos últimos 14 días con algunha persoa positiva por COVID19.

PROTOCOLO COVID-19
E.D.M. SALCEDA

Evitar compartir transporte con xente coa que non se convive.

Distanciamento máximo no caso de compartir transporte con persoas coas que non conviven. Evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.)

Durante os adestramentos so poderán acceder á instalación os/as deportistas e staff técnico. No caso de querer falar co/a monitor/a, baixo ningún concepto se entrará no Pavillón. Solicitarase reunión vía telefónica e realizarase con máscara cando se marque a cita

Uso de máscara en todo momento por parte de todos os axentes (staff, directivos, familia, público) incluíndo os deportistas, salvo no momento de realización do adestramento, único momento no que éstes están exentos de levala.

Unha vez na instalación se deberán seguir os itinerarios marcados e/ou dispostos polo persoal da instalación, mantendo, en todo momento, a distancia interpersoal de seguridade: 1,5 m.

Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcólico, incluso entre tarefas dentro de cada adestramento, nos momentos establecidos polo staff. En cada pista haberá dispoñible un dispensador de xel.

O horario de chegada deberá cumprirse rigorosamente. O acceso a instalación so estará permitido 10 minutos antes do inicio da actividade, e deberá abandonarse, como máximo, aos 10 minutos de finalizada a actividade.

O acceso ó Pavillón do IES Pedras Rubias realizarase pola porta máis próxima ao IES e a saída pola porta que da ao aparcadoiro. Os familiares recolleran aos deportistas na parte traseira do Pavillón donde está ubicado dito aparcadoiro (véxase plano).

Antes de entrar e ao saír do espazo asignado , deberán limparse as mans cos hidroxeles dispoñibles nos espazos habilitados ao efecto. Na entrada haberá que pasar pola alfombra desinfectante para o calzado da rúa. Se dispón de xel hidroalcólico para o uso continuado dos asistentes á actividade nos lugares sinalados no plano da instalación.

PROTOCOLO COVID-19
E.D.M. SALCEDA

O/A monitor/a de cada actividade será a persoa que reciba aos/ás deportistas na zona sinalada de Entrada á instalación. O equipo accederá á instalación todo xunto acompañado polo seu/súa monitora

Está prohibido o uso dos vestiarios. So se fará uso deles como zona 3 de almacenaxe de enseres personais.

As persoas participantes na actividade a desenvolver na instalación virán vestidos coa roupa que utilizarán durante o adestramento

As bolsas, mochilas, e efectos personais so pederanse deixar nas zonas de almacenaxe de enseres personais ubicadas nos espazos sinalados no plano. Nestas zonas se deberán cambiar, obrigatoriamente, o calzado da rúa por un específico para a práctica deportiva.

O rematar o adestramento cada grupo regresará a súa zona asignada para cambiar o calzado e recoller as súas pertenzas e coa supervisión do monitor abandonará de xeito ordenado as instalacións pola porta de emerxencia de saida designada a tal efecto.

O/A monitor/a logo de despedir ao grupo hixienizará/desinfectará a zona empregada polo/as deportistas o seu cargo así como o material empregado na sesión.

O/as deportistas deberán traer a súa propia auga e non se pode compartir. As botellas deberán estar marcadas co nome de cada deportista. O inicio do adestramento cada un baixará a súa botella para a pista deixandoa na zona habilitada para tal fin e o remate retiraranas para a propia mochila.

Non compartir obxectos personais. Non se permite traer comida os adestramentos.

Disporase do vestiario da esquerda para que no caso de que a algunha persoa sobreveñanlle síntomas compatibles co COVID-19 sexa aislada ata o momento da súa evacuación.

PROTOCOLO COVID-19
E.D.M. SALCEDA

O remate de cada adestramento os/as monitores/as procederan á hixienización de todo o material empregado na sesión ademais da zona de almacenaxe de enseres personais do grupo ó seu cargo cos productos proporcionados polo Concello de Salceda. A hixienización do material realizarase no cuarto de material.

Únicamente manipularán e accederán os cuartos de material os monitores, nunca os deportistas.

Os equipos terán un máximo de 25 persoas incluido o staff técnico tanto se se adestra en toda a pista como se se fai a media pista. Aínda así, aplicando os criterios primordiais de cautela e prevención organizaranse os grupos de xeito que non exceda de 20 persoas, en previsión dun uso compartido en mitades, se asegura así un espazo mínimo por deportista de 20m2, de tal xeito que poida posibilitar a máxima distancia de seguridade interpersoal a maior tempo posible durante as sesións.

Na pista so poderán estar exercitandose simultaneamente dous grupos, se un terceiro estivese esperando para acceder so poderá facelo cando un dos que estiveran en pista rematase e todos os seus integrantes estén sentados na sua zona correspondente, evitando que no corredor da grada coincidan circulando dous grupos.

Deseñarasen as actividades conforme o protocolo de Guía do Deporte Galego "volvendo con sentidiño" publicado pola Xunta de Galicia.

Aproveitar os descansos entre exercicios para hixienizar con frecuencia as mans dos deportistas, sobre todo despois de tarefas nas que se entre en contacto co chan ou pases de balón.

Nos deportes de equipo facilitaremoslles petos reversibles a cada xogador que deberán traer a cada adestramento. Fixarase unha cor recomendable para a camiseta ou suadoiro.

PROTOCOLO COVID-19
E.D.M. SALCEDA

Farase un control diario de asistencla de cada equipo no que constarán os datos dos participantes a súa zona asignada e incidencias COVID-19

Antes do comezo das actividades todos os participantes deberán asinar unha declaración responsable e aceptación de condicións de participación e de información sobre a COVID-19 na volta aos adestramentos.

Normas específicas de uso dos aseos :

Os aseos que se poderán utilizar son os habilitados, xa sinalados no plano da instalación.

A ocupación máxima será dunha persoa salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo/a seu/súa acompañante.

Non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.

Deberase informar a/ó monitor/a das necesidade de acudir os aseos, para que logo do seu uso procedan á desinfección

Antes do acceso se deberá facer unha correcta limpeza de máns con xabón, ao igual que de regreso ao espazo deportivo.

Desbotar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras instaladas.

Non está permitido beber das billas dos vestiarios.

EDM. Escolas Deportivas Municipais SALCEDA

Concello de Salceda de Caselas

ANEXO:MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS

DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS

D/Dª. _____con NIF _____
☐ actuando en nome propio, ou ☐ como pai/nai/titor do interesado/a (menor de idade)
(de selo caso, datos do minor de idade)
D/Dª. _____con NIF _____
para a actividade de volta aos adestramenos e competicións organizada pola entidade deportiva _____ _____ para a tempada 2020-2021.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNS DE SAÚDE

☐ Declaro non estar diagnosticado/a de Covid-19, e non presentar sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin se me presentaron nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padezo ningunha outra enfermidade contaxiosa.

☐ Declaro que non se convivo con ninguén afectado polo Covid-19 nin estiven en contacto estreito nin compartín espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

☐ Comprométome a notificar inmediatamente á entidade deportiva calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

☐ Declaro, no caso de pertencer a un grupo vulnerable fronte á Covid-19, que son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

(PERSOA VULNERABLE: persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.)

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

☐ Lin, acepto e comprométome a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE LER E ACEPTAR A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLO CLUBE SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE Á COVID-19

☐ Declaro que recibín e lin o Protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Salceda de Caselas e que, polo tanto, teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

☐ Declaro que recibín e lin as medidas de prevención dispostas polo clube e protocolo FISICOVID da Federación Galega.

Salceda de Caselas,_____ de_____ de_____
Asdo.: